

DECRETO NÚMERO 12008105

Ilma. Sra. Dona SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.

Lugo, 26 de setembro de 2012.

Visto o informe da Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local de data 26 de setembro de 2012, que a seguir literalmente se transcribe:

“Con data 19 de xaneiro de 2005, ditouse a resolución número 04/2005, do Libro de resolucións en materia de Promoción Económica, Emprego e Comercio, relativo á aprobación das normas de utilización dos locais do Centro de Empresas e Innovación do Excmo. Concello de Lugo e á aprobación dos modelos de solicitude da autorización administrativa.

Con data 20 de xaneiro de 2005, o Tenente de Alcalde Delegado da Área de Economía, Emprego e Zona Rural, ditou a resolución número 05/2005 do Libro de Resolucións en materia de Promoción Económica, Emprego e Comercio, relativo á aprobación dos criterios de selección e valoración dos proxectos empresariais para a concesión de autorizacións de uso dos locais do Centro de Empresas e Innovación (CEI).

Con data 1 de marzo de 2005, ditouse o Decreto número 67/2005 do Libro de Resolucións en materia de Promoción Económica, Emprego e Comercio, polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Economía, Emprego e Zona Rural, que modificou os Decretos 04/2005 e 05/2005 anteriores.

Con data 10 de xullo de 2009, ditouse o Decreto número 286/2009 do Libro de Resolucións en materia de Promoción Económica e Emprego, pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego, que modifica o Decreto número 67/2005.

Con data 9 de novembro de 2010, ditouse o Decreto 553/2010 do Libro de Resolucións en materia de Promoción Económica e Emprego, pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego, que modifica tamén o Decreto número 67/2005.

Transcorridos máis de sete anos dende que o CEI-NODUS iniciara a súa

actividade, e tendo en conta que O CEI-NODUS promovido polo Concello de Lugo é unha estrutura de acollida temporal que ten por obxectivo a colaboración coas empresas na súa fase de implantación así como prestarlles asistencia e servizos coa finalidade de que, mediante a xestión pública municipal, se facilite o desenvolvemento xerminal de iniciativas de interese local e tendo en conta os distintos Decretos ditados modificadores do Decreto 67/2005, considérase conveniente neste momento facer unha refundición normativa na materia a través dun só Decreto que recolla a totalidade das normas reguladoras das autorizacións de uso de local, de funcionamento e de acceso ao CEI-NODUS”.

Por todo o anteriormente exposto e en virtude das atribucións delegadas pola Alcaldía segundo o seu Decreto número 60/2011, do 23 de xuño, (modificado polo Decreto número 70/2011, do 18 de xullo) do libro de Resolucións da Área de Alcaldía: Actas e Goberno e Normalización Lingüística.

RESOLVO:

PRIMEIRO- Aprobar as normas reguladoras das autorizacións de uso de local, de funcionamento e de acceso ao CEI-NODUS:

“NORMAS REGULADORAS DAS AUTORIZACIÓNS DE USO DE LOCAL, DE FUNCIONAMENTO E DE ACCESO AO CEI-NODUS DO CONCELLO DE LUGO”

Primeira.- Número de autorizacións.

Non poderán obterse máis de dúas autorizacións de uso por parte dun mesmo solicitante, xa sexa de oficinas de calquera tipo ou de obradoiros de calquera superficie.

Segunda.- Vixencia temporal das autorizacións.

As autorizacións administrativas de uso para a utilización das oficinas ou obradoiros terán unha vixencia temporal de doce meses, prorrogables por iguais períodos ata un máximo de trinta e seis meses. Unha vez transcorrido o prazo máximo de trinta e seis meses das autorizacións administrativas de uso para a utilización das oficinas ou obradoiros no CEI-NODUS, polas diferentes empresas titulares instaladas no mesmo, e previa avaliación e informe do equipo técnico do CEI-NODUS, se poderá conceder ás empresas que así o soliciten por escrito, unha prórroga excepcional de doce meses da devandita autorización de

uso, cando derivado da situación de crise económica que estean a atravesar, ésta última supoña un risco para a continuidade e supervivencia das mesmas. Igual réxime se aplicará ós usuarios da sala de co-working.

O tempo máximo de permanencia dos emprendedores no semillero de empresas será de seis meses.

Terceira.- *Prórrogas.*

As prórrogas non terán carácter tácito e o titular da autorización deberá solicitala cunha anterioridade dous meses á data de vencemento da mesma. En todo caso o prazo máximo de 48 meses de estancia no viveiro de empresas terá o carácter de improrrogable.

Cuarta.- *Actividades empresariais permitidas.*

Non se autorizará o uso dos locais para actividades de mero almacenamento, polo que de apreciarse esta circunstancia decaerá o dereito á autorización. Igualmente quedará sen efecto a autorización concedida, se o uso do local vai acompañado da realización de actividades ilícitas, sen perxuízo das responsabilidades de toda orde nas que poida incurrir o infractor.

Os titulares das autorizacións teñen a obriga de que as súas actividades empresariais estean adaptadas tanto ás condicións que rexen a autorización concedida como ás características e condicións do CEI-NODUS, cunha especial atención á filosofía e obxectivos do propio Centro e ás políticas municipais en materia de igualdade, solidariedade, non violencia, respecto á diferenza e todas aquelas que presiden e informan a actividade municipal e sempre no marco dun absoluto respecto á liberdade de empresa. No caso de que se produza un cambio na actividade empresarial, así coma no suposto de cese na mesma antes de finalizar o prazo da autorización, existe o deber de comunicar dita circunstancia por escrito, requiríndose para o caso de cambio de actividade unha resolución expresa autorizatoria.

Quinta.- *Toma de posesión e compromiso de participación.*

Os autorizados deberán tomar posesión efectiva da oficina ou obradoiro no prazo dun mes dende a notificación da autorización, quedando sen efecto, en caso contrario, a autorización concedida.

As empresas titulares das autorizacións administrativas de uso das oficinas ou obradoiros do CEI-NODUS do Concello de Lugo, e tendo en conta a relación xurídico-administrativa que une as anteriores co segundo, e sempre en aras de

favorecer a súa competitividade, mellorar o seu investimento productivo, e por ende a creación de emprego, adquiren dende a entrada en vigor da presente

normativa o compromiso de participar nos diferentes programas de consolidación empresarial, programas de formación, de prácticas ou calquera outro programa, acción ou evento análogo que se promova dende o CEI-NODUS ou que se desenvolva nas súas instalacións.

Sexta.- *Uso dos locais.*

Os titulares das autorizacións de uso deberán manter en boas condicións as instalacións obxecto de autorización, así como aquelas de uso común.

Sétima.- *Taxas.*

Deberán aboar as cantidades que en concepto de taxa se sinalen pola utilización das oficinas ou obradoiros, na ordenanza reguladora da taxa. A taxa liquidarase mensualmente.

Oitava.- *Vixiancia e seguridade.*

Os titulares das autorizacións, os usuarios do semillero de empresas e da sala de co-working, están obrigados a cumprir as instrucións de uso dos sistemas de vixiancia e seguridade. Non se poderá contratar persoal de vixiancia sen previa autorización.

Novena.- *Modificacións nos módulos.*

Non se poderán efectuar modificacións de ningún tipo no exterior do módulo asignado, así como colocar rótulos ou elementos decorativos que non sexan os establecidos polo Centro. Para as modificacións interiores deberá contarse previamente coa autorización escrita do Centro, e nunca poderán afectar a elementos estruturais do mesmo.

Décima.- *Instalacións exteriores.*

Non se poderán instalar casetas ou instalacións exteriores ó propio Centro.

Undécima.- *Normativa protección contra incendios.*

Os titulares das autorizacións e usuarios do Centro están obrigados a cumprir a normativa relativa á protección contra incendios en establecementos industriais.

Duodécima.- *Limpeza módulo.*

Os titulares das autorizacións, así como o persoal ó seu servizo, deberán manter limpo o entorno exterior e o interior do seu módulo. O servizo de limpeza de cada módulo prestarase pola empresa que en cada momento resulte adxudicataria da limpeza das instalacións comúns, e os titulares das autorizacións estarán obrigados o pago do prezo público correspondente pola prestación do devandito servizo.

Décimo terceira.- *Lixo e subarrendo.*

Os usuarios do Centro estarán obrigados a depositar o lixo dos seus locais nos colectores destinados a este fin. No caso de residuos sólidos non domésticos, como chatarra, escombros, ou residuos propios da súa actividade, o adxudicatario comprométese a cumprir a normativa existente neste senso e a concertar un contrato de evacuación coa frecuencia necesaria.

Queda expresamente prohibido subarrendar ou ceder parte ou a totalidade dos módulos asignados.

Décimo cuarta.- *Electricidade e calefacción do módulo.*

Os titulares das autorizacións contratarán directamente o subministro de electricidade e de telecomunicacións. En canto ó subministro de gas, deberán aboar as cantidades que lle correspondan en función dos metros cadrados do módulo obxecto da autorización, en concepto de participación dos gastos derivados do mantemento do sistema de calefacción do Centro. Dita participación prorratearase en 12 mensualidades en función do gasto estimado para cada anualidade. A súa liquidación farase con carácter mensual.

Décimo quinta.- *Subministro de auga.*

Os titulares de autorizacións de uso de obradoiros que precisen de subministro de auga para o funcionamento da súa actividade empresarial, sendo a previsión do consumo superior ó mínimo, deberán comunicarllo á dirección do CEI-NODUS, debendo aboar o exceso sobre o mínimo según as tarifas vixentes e deberán instalar ó seu custo, un contador homologado. A liquidación farase con carácter trimestral.

Décimo sexta.- *Fianza e imaxes corporativas.*

Os titulares das autorizacións deberán entregar antes de tomar posesión do local unha cantidade de 600 euros en concepto de fianza para responder da boa utilización do módulo. A fianza seralles devolta os titulares unha vez quede acreditado o correcto cumprimento do suposto anterior á finalización da autorización administrativa, debendo os mesmos solicitar a súa devolución de forma expresa por escrito.

As empresas que contan cunha autorización administrativa de uso de local, as beneficiarias do servizo de domiciliación de empresas e as usuarias da sala de co-working no CEI-NODUS, mediante a relación xurídico-administrativa que une ás anteriores co segundo, autorizan ao Concello de Lugo para poder utilizar as súas imaxes corporativas (logos, nomes comerciais, etc.), nas diferentes actividades de difusión que o CEI-NODUS realice, por calquera medio, xa sexa escrito, oral ou electrónico, así como a través da propia páxina web do Centro, ou na realización doutros eventos ou actos organizados que teñan como fin o anterior.

A autorización para a utilización das imaxes corporativas das empresas anteriores polo Concello de Lugo quedará reflectida de forma expresa na redacción dos mesmos decretos de autorización de uso.

Décimo sétima.- *Servizo de domiciliación de empresas.*

O CEI-NODUS dispón dun servizo de domiciliación de empresas, outorgando a posibilidade ás mesmas de rexistrar o seu enderezo fiscal e comercial no Centro, e de recepción e almacenamento de correo e mensaxería, de chamadas telefónicas, faxes e correo electrónico, aviso inmediato de correo urxente e certificado, e de chamadas, faxes e correos electrónicos urxentes e dereito ó uso dos servizos e instalacións comúns do Centro.

Para ser beneficiario deste servizo de domiciliación as empresas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- * ser empresas de recente creación, cunha antigüidade inferior a doce meses dende o comezo do seu funcionamento, tomando como referencia a alta no censo de obrigados tributarios.
- * estar o corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter pendente ningunha outra débeda, por ningún concepto, co Concello de Lugo.
- * ser pequenas ou medianas empresas (PEMES), segundo os criterios establecidos pola Comisión Europea, e o seu capital social non debe estar participado en máis dun 25% por unha sociedade que non sexa PEME.

A empresa solicitante do servizo deberá presentar instancia de solicitude,

segundo o modelo normalizado, asinada polo representante legal da empresa, e deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- DNI do representante legal da empresa e CIF da empresa.
- escritura de constitución debidamente rexistrada (para o caso de sociedades), alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (para o caso de persoas físicas) e alta no IAE ou, se é o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Economía e Facenda (modelo 036 ou modelo 037).
- unha pequena memoria empresarial na que se fará constar: a actividade desenvolvida a efectos de comprobar a súa adecuación ós usos do CEI-NODUS (xa que a presente normativa relaciona unha serie de actividades que están excluídas), o seu domicilio social e o lugar do centro de traballo, o número de traballadores e as razóns da necesidade do servizo de domiciliación que se solicita.
- certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha outra débeda, por ningún concepto, co Concello de Lugo.

A solicitude, acompañada da documentación sinalada, deberá entregarse no Rexistro do Concello de Lugo, ou en calquera dos lugares sinalados no art. 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Os beneficiarios do servizo de domiciliación de empresas deberán aboar as cantidades que en concepto de prezo público se sinala pola Ordenanza reguladora do mesmo.

Décimo oitava.- *Usuarios de instalacións comúns e doutros espazos.*

Ós usuarios das instalacións comúns do CEI-NODUS, salas e outros espazos comúns, seranlles de aplicación as mesmas limitacións – no que se refire ás actividades para desenvolver nelas e en canto a que as súas actividades empresariais deberán adaptarse ás condicións, usos e características do CEI-NODUS - que lles son esixibles aos titulares das autorizacións administrativas de uso de local e aos beneficiarios do servizo de domiciliación de empresas, recollidas nesta normativa.

Décimo novena.- *Empresas cun plan de continuidade de negocio ou de continxencia.*

As empresas que contén cun plan de continuidade de negocio ou de continxencia que garanta as operacións necesarias para cumprir co funcionamento establecido no desenvolvemento habitual do negocio ante calquera tipo de desastre,

interrupción ou continxencia, poderán ser autorizadas polo Concello de Lugo, despois de formulada solicitude, e sempre que se dean e se acrediten as devanditas circunstancias, para facer uso dun espazo no CEI-NODUS ata a desaparición da causa motivadora da continxencia que impida a continuidade das actividades empresariais nas súas propias instalacións, e en todo caso por un período máximo de trinta días, e atendendo sempre ás prioridades que nese momento teña o centro. Adquirirán así mesmo o compromiso de buscar, da forma máis áxil posible, o arranxo das súas instalacións e informarán á dirección do CEI-NODUS do estado da procura.

As empresas anteriores para ser beneficiarias non poderán contar cun cadro de persoal superior a trinta traballadores.

A lexislación reguladora das normas de uso e funcionamento do CEI-NODUS seralles aplicable ás devanditas empresas durante a súa instalación temporal no Centro, e quedarán igualmente suxeitas á Ordenanza municipal nº 402 reguladora dos prezos públicos pola utilización das instalacións e prestacións de servizos do CEI-NODUS, como se se tratasen de calquera outra empresa autorizada e instalada no viveiro de empresas.

Vixésima.- *Módulos de oficina e obradoiros.*

Os módulos que serán obxecto de autorización de uso -todos dotados con instalación eléctrica, infraestrutura de telecomunicacións e de calefacción en perfecto estado de funcionamento- serán dos seguintes tipos:

- a) 12 módulos de oficina tipo A, de 32 m², aproximados, debidamente acondicionados e amoblados.
- b) 3 módulos de oficina tipo B, de 64 m² aproximados, debidamente acondicionados e amoblados.
- c) 5 módulos de obradoiro de entre 50 e 150 metros cadrados.

Vixésima primeira.- *Semillero de empresas.*

Tamén se conta cun módulo de semillero de empresas, que non será obxecto de autorización individual para a súa utilización tendo, os promotores/as a consideración de usuarios temporais, e que está destinado a facilitar o traballo de maduración de iniciativas empresariais. O espazo do semillero atópase dividido en áreas de aproximadamente 9 metros cadrados, separadas entre si. Os espazos están dotados de mobiliario de oficina, teléfono e conexión a internet.

Vixésima segunda.- *Sala de Co-Working.*

Pódese definir a mesma como un espazo de traballo compartido por

profesionais independentes, PYMES e emprendedores, de diferentes sectores, para desenvolver os seus proxectos profesionais de xeito independente, e ó mesmo tempo fomentar a realización de proxectos conxuntos. Se lles facilitará ós autorizados un escritorio individual para exercer ás súas actividades empresariais, sendo o tempo máximo da autorización temporal de uso de catro anos pero suxeita a mesma sempre a dispoñibilidade, en todo caso seralles de aplicación o réxime establecido para a vixencia temporal das autorizacións de uso das oficinas ou obradoiros (prórrogas, etc).

Vixésima terceira.- *Concesión da autorización.*

Concesión de autorización de uso dos diferentes módulos:

1. Poderán solicitar as autorizacións de uso das diferentes oficinas e obradoiros do CEI-NODUS os emprendedores e/ou empresas en cernes, que cumpran os requisitos que se expresan a continuación e cuxo proxecto empresarial sexa considerado viable.

2. Os requisitos que deben cumprir os solicitantes para obter a concesión das autorizacións de uso das oficinas e obradoiros do CEI-NODUS son os seguintes:

- ser empresas de nova ou recente creación. Consideraranse como empresas de recente creación aquelas cuxa antigüidade sexa inferior a 12 meses dende o comezo do seu funcionamento, tomando como referencia a alta no censo de obrigados tributarios.
- estar ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter pendente ninguna outra débeda, por ningún concepto, co Concello de Lugo.
- as empresas deben ter o seu domicilio social e/ou o seu centro de traballo/producción no municipio de Lugo.
- ser proxectos empresariais viables e, preferentemente, innovadores, ben sexa pola introducción de novas tecnoloxías ou polo seu carácter novedoso no municipio.
- ser pequenas ou medianas empresas (PEMEs), segundo os criterios establecidos pola Comisión Europea, e o seu capital non debe estar participado en máis dun 25% por unha sociedade que non sexa PEME.

Os anteriores requisitos non serán de obrigado cumprimento para a admisión no semillero de empresas.

3. Os diferentes acordos, convenios ou calquera outra forma elixida de colaboración que o Concello de Lugo subscriba ou formalice con entidades de

dereito público ou privado poderán ter como obxecto, a cesión temporal de uso dos diferentes módulos do CEI-NODUS en favor de estas, nas condicións que nos mesmos se establezan, e sempre que as devanditas entidades recollan entre os seus fins básicos o desenvolvemento e a dinamización da actividade empresarial, o impulso de iniciativas emprendedoras empresariais, o fomento do emprego ou da riqueza territorial, ou calquera outra actuación complementaria das anteriores. A presente normativa lles será de aplicación ás anteriores entidades, sendo preferentes en todo caso as condicións ou cláusulas específicas estipuladas nos acordos ou convenios subscritos entre as partes.

4. Actividades excluídas.- Non poderán obter autorización de uso aquelas actividades que se atopen nalgún dos seguintes supostos:

- actividades que xeren externalidades que perxudiquen o desenvolvemento normal do Centro e a convivencia deste.
- actividades que non sexan compatibles cos usos que admita o CEI-NODUS polas súas características e condicións.
- actividades molestas, perigosas, nocivas e insalubres que, previo informe técnico do equipo director do CEI-NODUS, sexan incompatibles coa finalidade e filosofía do Centro.

As solicitudes para actividades que poidan estar incluídas nalgún dos devanditos supostos deberán ser informadas polo equipo técnico do CEI-NODUS e polo servizo municipal de urbanismo sobre a concorrencia das circunstancias; de ditos informes daráselle traslado ós solicitantes por un prazo de dez días, previo á resolución definitiva.

5. O procedemento iniciarase mediante unha solicitude asinada polo promotor ou polo representante legal da empresa, segundo os modelos normalizados de solicitude de admisión no CEI-NODUS, semillero e sala de co-working.

A dita instancia deberá acompañar a documentación que se fai constar no impreso de solicitude e, en concreto, para o caso de módulos de oficina, obradoiros e laboratorios:

1. DNI do promotor ou CIF da empresa.
2. Curriculum vitae do promotor ou promotores.
3. Informe da instalación (actividade que se pretende desenvolver no local – produtos, e croquis do local con instalacións e maquinaria que se utilizará)-
4. Escritura de constitución debidamente rexistrada (para o caso de sociedades),

alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (para o caso de persoas físicas) e alta no IAE ou, se é o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Economía e Facenda (modelo 036 ou modelo 037).

As empresas non constituídas poderán entregar estes documentos xunto co CIF, nun prazo non superior ós seis meses dende a autorización administrativa.

De non achegarse ese documento no prazo establecido, revocarase a autorización concedida.

5. Certificado de viabilidade técnica (a certificación deixará constancia de que o local cumpre as condicións esixidas pola normativa de aplicación para o desenvolvemento da actividade, así como para a instalación da maquinaria, aparatos e útiles requiridos; acreditará igualmente que a actividade non se atopa comprendida no regulamento de actividades clasificadas como nocivas, molestas, insalubres ou perigosas).

6. Plan de empresa, segundo modelo que se facilitará no CEI-NODUS.

7. Certificado de estar ó corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente ninguna outra débeda, por ningún concepto, co Concello de Lugo.

No caso de solicitude de admisión no semillero de empresas e sala de co-working, o emprendedor/empresario deberá acompañar coa instancia a seguinte documentación:

1. DNI do promotor/empresario ou CIF da empresa.

2. Curriculum vitae do promotor/empresario.

3. Memoria da idea empresarial.

4. Memoria das actividades empresariais que se están a desenvolver (ésta última soamente para a solicitude dun espazo na sala de co-working).

A solicitude, acompañada da documentación sinalada, deberá entregarse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, ou en calquera dos lugares sinalados no art. 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. Informes preceptivos.- O equipo técnico do CEI-NODUS emitirá preceptivamente informe de viabilidade sobre cada unha das solicitudes presentadas tomando como base a documentación achegada con elas baseándose para emitilo, esencialmente, no plan de empresa, no informe de instalación e no certificado de viabilidade técnica. O equipo técnico do CEI-NODUS poderá solicitar que os informes da instalación e os certificados de viabilidade técnica sexan informados polo servizo municipal de Urbanismo antes de emitir informe.

De calquera xeito a actividade e entidade da empresa debe ser compatible cos usos que permita o CEI de acordo coas súas características e condicións.

No caso de solicitude para o semillero de empresas ou sala de co-working o informe será realizado en base ó currículo do promotor/empresario e á viabilidade da idea que se poida desprender da memoria presentada ou das actividades empresariais que se están a desenvolver recollidas nesta última.

Previa á resolución sobre a autorización, e na fase de informe dos proxectos, poderán requirirse ós solicitantes cantos datos e documentación se precise para a súa correcta valoración. A paralización do procedemento por causa imputable ó interesado suspenderá o prazo para ditar resolución.

7. Prazo de resolución.- O prazo máximo para ditar e notificar a resolución expresa será de tres meses no caso de solicitudes de módulos de oficina, obradoiro ou laboratorio; no caso do semillero de empresas e sala de co-working o prazo máximo para resolver será de un mes. Para os efectos do disposto no art. 43 de Lei 30/1992, de 26 de novembro, o transcurso do prazo máximo para resolver sen que se tivese ditado resolución expresa, o solicitante poderá entender desestimada a súa solicitude, tendo a todos os efectos carácter de finalizador do procedemento.

8. Para os casos en que se produza concorrencia de solicitudes, aquelas que sexan informadas favorablemente, serán baremadas de acordo cos seguintes criterios, referidos ás solicitudes de utilización de módulos de oficina ou obradoiros:

- a formación e a capacidade do promotor para desenvolver o proxecto: solvencia técnica e económica;
- a viabilidade económico-financeira e comercial do proxecto;
- o grao de innovación e a compoñente tecnolóxica do proxecto empresarial;
- o número de postos de traballo que crean (especialmente a colectivos que sofren desigualdades ou discriminacións con respecto ó mercado laboral);
- o potencial de xeración de emprego, repercusión da iniciativa e contribución ó desenvolvemento socioeconómico local, preferentemente estable, no municipio de Lugo;

Os proxectos avaliaranse globalmente en función da maior garantía e solvencia, e terán preferencia as Iniciativas Locais de Emprego, as Iniciativas de Emprego de Base Tecnolóxica e aqueles emprendedores que teñan recibido a formación, consultoría e asesoramento ofertados dende a Concellería de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación do Concello de Lugo, ou que foran xestados en programas de promoción das iniciativas empresariais de entidades

públicas ou privadas coas que se manteñan convenios de colaboración nese ámbito.

Os paneis de puntuación serán os seguintes (máximo 20 puntos):

- a formación e a capacidade do promotor para desenvolver o proxecto: solvencia técnica e económica ata 5 puntos
- a viabilidade económico-financeira e comercial do proxectoata 6 puntos
- o grao de innovación e a compoñente tecnolóxica do proxecto.....ata 4 puntos
- o número de postos de traballo que crean (especialmente a colectivos que sofren desigualdades ou discriminacións no mercado laboral).....ata 2 puntos
- o potencial de xeración de emprego, repercusión da iniciativa e contribución ó desenvolvemento socioeconómico local..... ata 3 puntos

En caso de producirse un empate entre os proxectos valorados, primará a puntuación obtida no capítulo de viabilidade económico-financeira do proxecto. Se persiste o empate, atenderase á orde de chegada das solicitudes presentadas.

As solicitudes de admisión no semillero de empresas e na sala de co-working serán resoltas, previo informe do equipo técnico do CEI-NODUS, por orden de entrada, tomando como base a descrición da idea ou proxecto empresarial ou as actividades empresariais que se están a desenvolver e que han de figurar nas solicitudes. A admisión no semillero de empresas e na sala de co-working non determinará a concesión de autorización administrativa posterior para a utilización dun módulo de oficina ou obradoiro.

9. Listas de espera. No suposto de concorrencia de solicitudes, aquelas que fosen informadas favorablemente pero que non fosen autorizadas por haber outro solicitante con maior puntuación, integrarán a lista de espera á que se acodirá para outorgar novas autorizacións. O prazo máximo de inclusión na lista de espera será dun ano natural e, transcorrido este, deberá presentarse nova solicitude.

10. Notificacións.- Unha vez resoltos os procedementos notificarase ós interesados a resolución adoptada.

Vixésima cuarta.- Viveiro virtual na páxina web.

O CEI-NODUS dispón dun viveiro virtual na propia páxina web do Centro.

O viveiro virtual estará integrado por:

1º as empresas beneficiarias do servizo de domiciliación de empresas.

2º as empresas que estiveron instaladas no CEI-NODUS que contaron no seu día cunha autorización administrativa de uso dun módulo.

3º as empresas constituídas ó abeiro do CEI-NODUS, entendéndose como tal todo tipo de axuda ou colaboración na fase de constitución das mesmas ou en calquera momento posterior o seu inicio de actividade, que lles fose prestada dende o Centro.

4º outras empresas que dende o punto de vista das actuacións que desenvolvan, das súas finalidades e obxectivos, dos colectivos desfavorecidos ós cales se dirixan, do seu carácter social ou innovador, do desenvolvemento das novas tecnoloxías, ou do seu impacto no territorio en materias tales como creación de emprego ou de fomento da riqueza e do benestar ou calquera outra acción desenvolvida complementaria das anteriores, e sempre que así se estime pola Concellería de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.

Todas as empresas recollidas nos apartados anteriores integradoras do viveiro virtual terán preferencia con respecto ás que non forman parte do mesmo, no relativo ó acceso a: programas de formación, de prácticas, ou outros programas análogos desenvolvidos dende o CEINODUS, así como na formalización ou suscripción de convenios específicos ou na utilización dos servizos comúns do Centro no caso de concurrencia de solicitudes.

Ademáis as empresas dos puntos 1º e 2º anteriores gozarán das exencións e bonificacións dispostas nos apartados 3) e 4) do artigo 4 da Ordenanza Nº 402 do Concello de Lugo, de Prezos públicos pola Utilización das Instalacións e Prestación e Servizos do CEI-NODUS, equiparándose para estes efectos ás empresas instaladas no Centro.

Ás empresas recollidas nos puntos 3º e 4º anteriores non lles serán esixibles as cotas polo uso das Salas e outros espazos comúns, regulados no punto 2 do artigo 3 da Ordenanza Nº 402 do Concello de Lugo, de Prezos Públicos pola Utilización das Instalacións e Prestación de Servizos do CEI-NODUS, por un máximo de ata dous días ó mes. A partires do terceiro día, aplicarase unha bonificación do 20% sobre a tarifa xeral establecida. Ademáis pola utilización do equipamento informático, audiovisual e multimedia e dos servizos de telecomunicacións, referidos nos puntos 4 e 5 do artigo 3 da Ordenanza Nº 402 do Concello de Lugo, de Prezos Públicos pola Utilización das Instalacións e Prestación de Servizos do CEI-NODUS, as devanditas empresas gozarán dunha bonificación do 20% sobre a tarifa xeral establecida.

SEGUNDO.- Deixar sen efecto o Decreto 67/2005, de 1 de marzo de 2005, así como as sucesivas modificacións do mesmo (Decreto número 286/2009, de 10 de xullo de 2009 e Decreto 553/2010, de 9 de novembro de 2010), en todo o que contradiga ao actual.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución, a cal pon fin á vía administrativa, ás partes interesadas, así como ás dependencias municipais afectadas. Contra dita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Alcaldía e no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Cúmprase.